



Ref.- AEG/xps
156/20

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA MARCA BRAINLAB.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. (Galaria), subscribiron o 24/4/20 un convenio de colaboración que ten por obxecto, establecer as pautas que se seguirán para o financiamento conxunto do contrato do servizo de mantemento integral e actualización continua do equipamento de alta tecnoloxía marca Brainlab.

Trátase de equipamento de alta tecnoloxía das modalidades de Neurocirurxía e Radiocirurxía, incluídos os sistemas de planificación dispoñibles en rede para varios centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e “Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A”.

Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, introducindo incluso as melloras desenvolvidas ao longo da vixencia do contrato, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

O convenio subscrito resposta ás previsións contidas na lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que no seu artigo 15.1 (“acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común”) prevé que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo “cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa presupostaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

